

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ERASMUS+ CONVOCATORIA 2021

1. OBXECTIVO.

- O proceso ten por obxecto a selección de alumnado do Ciclo Superior beneficiario de dúas mobilidades do Programa Erasmus+ para realizar prácticas no estranxeiro, concretamente nalgún dos países participantes do programa, durante o período ordinario de FCT e no ano 2022; ou unha vez titulados se houberse dispoñibilidade de prazas.
- O proceso ten por obxecto a selección de alumnado do Ciclo Medio beneficiario de unha mobilidade do Programa Erasmus+ para realizar prácticas no estranxeiro, concretamente nalgún dos países participantes do programa, durante o período ordinario de FCT e no ano 2022; ou unha vez titulados se houberse dispoñibilidade de prazas.
- O proceso ten por obxecto a selección de alumnado do Ciclo Medio beneficiario de dúas mobilidades do Programa Erasmus+ para realizar prácticas profesionais no estranxeiro, concretamente nalgún dos países participantes do programa, durante un período de entre tres e seis meses rematados os seus estudos neste centro educativo.
- O proceso ten por obxecto a selección de persoal do centro educativo beneficiario dunha mobilidade do Programa Erasmus+ para realizar período de observación “ Job Shadowing.”
- A selección final fundamentarase en:
 - ✓ Acadar mobilidades de calidade que permitan un correcto aproveitamento por parte do/a alumno/a e un nivel de satisfacción adecuado por parte da organización de acollida, para o que se terá en conta o perfil actitudinal, procedimental e técnico do/a alumno/a como estudante e posible participante nun proxecto Erasmus+, así coma o seu expediente académico, competencia lingüística e titulación en relación cos países e empresas elixibles polo IES Montecelo.
 - ✓ Fomentar que haxa alumnado das distintas familias profesionais /titulacións entre os seleccionados para facer as mobilidades.

2. REQUISITOS DE INSCRIPCIÓN

- Ser alumnado do IES Montecelo ou persoal do centro educativo relacionado cos ciclos formativos de grao superior
- Estar matriculado nun ciclo formativo de grao medio (CM) ou de grao superior (CS).
- Ter posibilidade de acceso á FCT no 2022, en marzo para alumnado do CS e CM e ter aprobados todos os módulos en Xuño 2022 para o alumnado recentemente titulado do CM.

- Entregar a folla de inscrición en tempo e forma xunto cas certificación lingüísticas que posúa.
- Non estar a cumprir unha pena imposta por sentenza xudicial no momento en que se abra o prazo para anotarse. No caso de que a un alumno/a inscrito lle fose imposta pena baixo sentenza xudicial unha vez iniciado o proceso, quedaría eliminado e, no caso de que xa fose seleccionado, perdería o dereito a realizar a mobilidade.
- Non ter sido expulsado do IES Montecelo tras apertura de expediente disciplinario. Se un alumno/a inscrito fose expulsado unha vez iniciado o proceso, quedaría eliminado e, no caso de que xa fose seleccionado, perdería o dereito a realizar a mobilidade.

3. MOBILIDADES OFERTADAS OU PREVISTAS

- Ofértanse mobilidades con subvención Erasmus+ nos seguintes grupos:
 - ✓ Grupo CM Titulados: Farmacia e Parafarmacia, CM Preimpresión dixital e CM Impresión Dixital: 2 mobilidade de entre 3 e 6 meses. Períodos de saída da mobilidade: xullo 2022 ou outubro 2022. Consorcio PRACTICUM-DEPO.
 - ✓ Grupo CM: 1 mobilidade de 3 meses aproximadamente. Período marzo a xuño de 2022. Consorcio KA-102 Consellería Educación.
 - ✓ Grupo CS: 2 mobilidades. Período marzo a xuño de 2022. Mobilidade PROPIA.
 - ✓ Grupo CS: 1 mobilidade de 3 meses aproximadamente. Período marzo a xuño de 2022.

No caso de que o IES dispuxera de máis mobilidades para titulados CM (a realizar non antes de setembro de 2020), estas ofertaríanse en primeiro lugar aos/ás alumnos/as que quedaron en listado de reserva para acceder, se houbera.

- No caso de que o IES dispuxera de máis mobilidades para realizar a FCT do CM, estas ofertaríanse en primeiro lugar aos/ás alumnos/as que quedaron en listado de reserva para acceder, se houbera.
- No caso de que o IES dispuxera de máis mobilidades para realizar a FCT do CS, estas ofertaríanse en primeiro lugar aos/ás alumnos/as que quedaron en listado de reserva para acceder, se houbera.
- Ao final do proceso, poderían asignarse máis mobilidades das ofertadas se se dan circunstancias que o faciliten, por exemplo se os consorcios concedesen algunha mais ao IES MONTECELO; ou polo contrario, poderían asignarse menos mobilidades das ofertadas se a Comisión considera que non reúnen as condicións mínimas para acadar unha mobilidade de calidade.
- Farase un proceso de selección seguindo o programa da convocatoria 2021 e os criterios de selección publicados nesta páxina web e no taboleiro ERASMUS+ de anuncios do centro educativo

4. COMISIÓN DE SELECCIÓN

- A comisión de selección estará formada por:
 - ✓ Un membro do equipo directivo.
 - ✓ A Orientadora.
 - ✓ Dous profesores ou titores, de entre as especialidades que solicita as mobilidades
 - ✓ A Coordinadora de Programas internacionais.
- Constituirase no mes de novembro e nesa reunión se aprobará o calendario das actividades do programa de mobilidades da Convocatoria 2019. Tamén poderase definirse algún aspecto non regulado nestas bases, sen contradicilas.
- A Coordinadora de Programas internacionais actuará como representante da Comisión e encargarse de realizar as convocatorias e as publicacións deste proceso en nome da Comisión.

5. PUBLICACIÓNS E CONVOCATORIAS

- A información concernente ao proceso de interese para o alumnado, incluíndo as convocatorias, será publicada no taboleiro de Erasmus+ e na web do IES Montecelo. Non haberá outra forma de publicación de información do proceso.
- Os requirimentos feitos aos participantes a través das publicacións serán de obrigado cumprimento.
- O alumnado convocado deberá presentarse co seu DNI no día, hora e lugar indicados na convocatoria, onde cada un será chamado polo seu nome e apelidos. O/a alumno/a que non estea cando sexa chamado ou que non se presente será excluído do proceso salvo causa de forza maior valorada e admitida pola Comisión.

No caso de que a causa fose admitida:

- ✓ De non terse presentado á proba de idiomas, o/a alumno/a non sería excluído do proceso pero non podería realizar a proba outro día polo que obtería un 0 como nota do criterio “Competencia lingüística”.
- ✓ De non terse presentado á entrevista, a Comisión valorará e decidirá se convoca o/a alumno/a noutro momento; se decide non convocalo/a, ao aspirante non sería excluído do proceso pero non podería realizar a entrevista polo que obtería un 0 como nota do criterio “Entrevista con membros da Comisión de selección”.

6. PROCESO DE SELECCIÓN

1. O alumno/a candidato/a as mobilidades deberá presentar a solicitude en data en forma.
 2. Procederáse a solicitar a valoración dos profesores que lle imparten docencia neste curso
 3. Realizará a proba lingüística na data en que esta sexa convocada
 4. Presentarase a entrevista persoal con ó menos dous membros do Comité de Mobilidade cando sexa convocado
 5. Publicación listaxe provisional
 6. Publicación listaxe definitiva
- Será seleccionado o alumnado con mais puntuación na NOTA FINAL DO PROCESO (por orde de mais a menos) ata alcanzar en número o das mobilidades ofertadas en cada grupo, podendo non asignarse todas as mobilidades ofertadas se a Comisión así o decide por considerar que non se reúnen as condicións mínimas para acadar unha mobilidade de calidade.
 - Abrirase un prazo para reclamacións tras a publicación do listado provisional de alumnado beneficiario de mobilidades con subvención Erasmus+ para prácticas no estranxeiro. O prazo estará establecido no calendario do programa da convocatoria 2021.
 - Unha vez rematado o prazo de reclamación, darase resposta ás reclamacións, se as houbera, e publicarase o listado definitivo de alumnos/as beneficiarios de mobilidades con subvención Erasmus+ para prácticas no estranxeiro, mais listado de reserva se houbera, no prazo establecido no calendario do programa da convocatoria 2021.
 - Unha vez rematado o proceso, a Coordinadora de Programas internacionais reunirse co alumnado seleccionado e informará a cada alumno/a do país de acollida que lle corresponde, tanto para as mobilidades dos consorcios como para as do IES. Nese intre, o/a aspirante debe decidir se acepta realizar a mobilidade nese país de acollida ou non.
 - No caso de non aceptar, renunciará por escrito á realización da mobilidade con subvención Erasmus+ no estranxeiro.
 - Se acepta, no caso de ser candidato/a ás mobilidades do CS o participante de maior puntuación elixirá se quere a mobilidade propia o a do Consorcio PRAXEUROPA. Entregaránselle posteriormente a todos os participantes os seguintes documentos para a súa lectura e sinatura se corresponde, que son: A guía Erasmus do IES Montecelo, o Compromiso para a realización da mobilidade, o Convenio/contrato de subvención e a Carta Erasmus, nos que se recollen entre outras cousas:
 - ✓ Os compromisos e as responsabilidades que o/a alumno/a adquire co IES Montecelo/Consorcio unha vez se asine os documentos e se poña en marcha a xestión da súa mobilidade, compromisos como asistir a preparación lingüística se a Comisión o estima necesario ou contratar un seguro privado de accidente con repatriación e de responsabilidade civil para o tempo fóra da empresa, entre outros.



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

- ✓ A subvención a recibir e os casos nos que o/a alumno/a se vería obrigado a devolver unha parte ou a contía total da subvención, por exemplo se non cumprise cos compromisos adquiridos.